

BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONCERTACIÓN DOS PATROCINIOS NO CONTEXTO DO PLAN DIRECTOR DE PATROCINIOS DO XACOBEO 2027

ÍNDICE

- 1. Exposición de motivos**
- 2. Obxecto**
- 3. Natureza**
- 4. Ámbito de aplicación**
- 5. Principios xerais da convocatoria**
- 6. Ámbitos de actuación**
- 7. Modalidades de patrocinio**
- 8. Persoas ou entidades beneficiarias**
- 9. Liñas de programación**
- 10. Ámbito temporal**
- 11. Prazos de presentación de propostas**
- 12. Forma de presentación**
- 13. Requisitos de participación dos operadores económicos**
- 14. Comisión Avaliadora**
- 15. Criterios e metodoloxía de avaliación**



16. Réxime económico e contratación

17. Propostas seleccionadas

18. Formalización dos contratos

19. Execución, seguimento e avaliación

20. Confidencialidade

21. Publicidade

22. Recursos



1 Exposición de motivos

A celebración do Ano Santo Compostelán 2027 constitúe un acontecemento de excepcional relevancia cultural, social e económica para Galicia. A súa dimensión internacional, a capacidade de proxección da marca Xacobeo e o seu valor como motor de atracción turística obrigan a unha programación sólida, ordenada e transparente, que combine tradición e modernidade, cohesión territorial e apertura global.

Co obxecto de dotar este proceso dun marco estable, o Plan Director de Patrocinios do Xacobeo 2027 recompila e sistematiza os criterios e procedementos que a Xunta de Galicia vén aplicando na xestión dos patrocinios financiados con fondos públicos para orientar a súa aplicación aos asociados ao Xacobeo 2027. Este instrumento ordena prácticas xa consolidadas, outórgalles coherencia e reforza a seguridade xurídica e a previsibilidade das decisións, ao tempo que garante a compatibilidade coa programación ordinaria dos departamentos competentes en materia cultural, turística e doutras áreas sectoriais implicadas.

Neste contexto, o patrocinio constitúe unha ferramenta estratéxica para reforzar o impacto cultural e turístico do Xacobeo. Trátase dun instrumento que permite mobilizar recursos, atraer operadores privados profesionais e garantir a presenza institucional da Xunta de Galicia como patrocinador principal, difundindo de maneira eficaz a marca Galicia e a marca Xacobeo 2027 nos principais circuítos mediáticos e culturais.

Co fin de maximizar o retorno económico, social e reputacional asociado á celebración do Xacobeo, resulta convinte artellar un procedemento público que permita recoller propostas de operadores económicos especializados, asegurando igualdade de oportunidades, concorrência competitiva e seguridade xurídica. Este



procedemento desenvólvese en coherencia cos principios recollidos no artigo 1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, en particular os de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia, e igualdade de trato entre os operadores.

A experiencia acumulada en edicións anteriores do Xacobeo e noutros programas culturais demostra que os eventos culturais e musicais xeran un efecto multiplicador considerable sobre o investimento público, retornando ás arcas públicas e ao conxunto da economía cantidades moi superiores ao gasto inicial. Así mesmo, está acreditado o seu impacto publicitario e mediático, especialmente entre públicos novos e internacionais, o que reforza a utilidade do patrocinio como fórmula de promoción eficiente e de alto retorno. Neste contexto, a Xunta de Galicia, en desenvolvemento do Plan Director de Patrocinios do Xacobeo 2027, convoca este procedemento específico, dirixido á selección de eventos de gran impacto. O Plan Director abrangue todo o territorio galego e establece un foco natural nas sete grandes cidades -A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Ferrol, Vigo e Santiago de Compostela- pola súa capacidade organizativa, infraestruturas e potencial de proxección. Porén, o Plan tamén prevé de forma expresa o impulso a propostas que vertebran o territorio e dinamicen contornas rurais, así como aquelas vinculadas ás diferentes rutas do Camiño. Do mesmo xeito, contempla de maneira excepcional o apoio a accións fóra de Galicia cando estas contribúan acreditadamente á proxección exterior da Comunidade Autónoma ou cando reforcen a colaboración con territorios polos que discorren itinerarios xacobeos.

En desenvolvemento deste marco, a presente convocatoria ten por finalidade a de dar a coñecer, de acordo cos principios establecidos no Plan Director de Patrocinios do Xacobeo 2027, os ámbitos preferentes de actuación, as liñas de programación e os aspectos que se terán en conta para a avaliación das propostas para a concertación dos patrocinios no contexto do Xacobeo 2027, de tal modo que permita a todos os operadores económicos presentar as súas iniciativas para que sexan tidas en conta



pola administración autonómica e permitirlle adoptar a esta, no seu caso, tras a súa avaliación, unha decisión sobre os máis idóneos e o eventual inicio dos correspondentes expedientes contractuais de patrocinio dos eventos pola Axencia de Turismo de Galicia ou as consellerías ou entidades competentes.

A convocatoria parte dun principio fundamental: non se trata unicamente de financiar eventos xa definidos, senón de abrir un proceso de captación de iniciativas, proxectos e ideas innovadoras, que permitan configurar unha programación cultural, turística e deportiva á altura da relevancia internacional do Xacobeo 2027.

2. Obxecto

O obxecto desta convocatoria é recoller propostas de eventos vinculados á programación oficial do Xacobeo 2027, co fin de seren avaliados e, no seu caso, patrocinados pola administración autonómica, conforme ao disposto no Plan Director de Patrocinios do Xacobeo 2027.

As propostas presentadas terán por finalidade permitir que a administración dispoña da información necesaria para seleccionar os proxectos máis idóneos e, no seu caso, iniciar os correspondentes procedementos contractuais de patrocinio, que terán natureza de contrato privado de patrocinio publicitario, consonte ao previsto nos artigos 26 e 168.a).2º da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, tendo en conta que o seu obxecto será unha representación cultural ou artística única e, se procede, tendo en conta a protección de dereitos exclusivos, incluídos os dereitos de propiedade intelectual ou industrial.

O ámbito desta convocatoria refírese aos patrocinios entendidos como aqueles contratos privados onerosos nos que a administración procede a achegar financiación para contribuír á realización dun evento, actividade ou iniciativa

[Estrada Santiago Noia, km 3 \(A Barcia\)](#)
[15897 Santiago de Compostela](#)
[turismo.gal](#)



concreta e singular a cambio da obriga do patrocinado de difundir o nome, marca ou mensaxes da administración patrocinadora no marco desa actividade na forma que se determine no contrato. A finalidade para a administración será a de obter un retorno publicitario, en termos de proxección e promoción de Galicia como destino turístico e de promoción do ano santo Xacobeo.

Polo tanto a presente convocatoria non será de aplicación a outras figuras que non teñan por causa a indicada contraprestación publicitaria ou finalidade de promoción de Galicia e do Xacobeo, como aquelas que se instrumenten mediante axudas ou subvencións a actividades de interese xeral, ou mediante convenios de colaboración en que as partes teñan fins comúns.

En particular, esta convocatoria, vai dirixida á selección de eventos de gran impacto. Polo tanto, os eventos, actividades e iniciativas patrocinadas deberán consistir en representacións ou actuacións concretas, singulares ou únicas polo seu obxecto no seu xénero, con identidade propia atendendo ás súas características, por razóns artísticas, técnicas ou de protección de dereitos exclusivos, aspectos que deberán xustificarse en cada caso.

3. Natureza

A presente convocatoria ten a natureza de acto de publicidade non preceptivo, mediante o cal a Xunta de Galicia dá a coñecer o seu interese en patrocinar determinados eventos no marco do Xacobeo 2027, en desenvolvemento dos principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia, non discriminación e igualdade de trato recollidos no artigo 1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

A presente convocatoria non constitúe un procedemento de contratación regulado pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, senón un



mecanismo previo de análise de propostas que poderá dar lugar, de ser o caso, á formalización de contratos privados de patrocinio publicitario.

Os patrocinios que se decida apoiar formalizaranse mediante contratos privados de patrocinio publicitario consonte ao disposto na citada Lei 9/2017. O obxecto destes contratos será o patrocinio publicitario dos eventos seleccionados, coa incorporación obrigatoria dos elementos de identidade corporativa da Xunta de Galicia, de Galicia Calidade e do Xacobeo 2027 en todas as accións de comunicación e difusión asociadas.

A Xunta de Galicia terá a condición de patrocinador principal dos eventos, sen prexuízo da posible existencia doutros patrocinadores privados ou públicos complementarios. Nos casos en que así se acorde, a Xunta poderá asumir a condición de copatrocinador, sempre garantindo a súa presenza visible e preferente nos soportes de comunicación.

En ningún caso a Administración terá a consideración de organizadora ou coorganizadora dos eventos, correspondendo aos operadores seleccionados a responsabilidade plena da produción, organización e execución, incluíndo a obtención de permisos, licenzas e dereitos de propiedade intelectual e industrial que resulten necesarios.

4. Ámbito de aplicación

Esta convocatoria será de aplicación ás actividades e eventos vinculados á programación oficial do Xacobeo 2027, incluíndo iniciativas preparatorias previstas para o ano 2026 e aquelas que, pola súa continuidade, poidan estender o seu impacto durante o ano 2028.

As propostas poderán desenvolverse en todo o territorio galego, cun foco natural nas sete grandes cidades-A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Ferrol, Vigo e Santiago de Compostela-, de acordo co previsto no Plan Director, sen prexuízo da [Estrada Santiago Noia, km 3 \(A Barcia\)](#)
[15897 Santiago de Compostela](#)
[turismo.gal](#)



valoración de iniciativas que contribúan á vertebración territorial, á dinamización das contornas rurais ou á posta en valor das rutas do Camiño.

De maneira excepcional, poderanse considerar propostas localizadas fóra de Galicia cando estas contribúan de forma acreditada á proxección exterior da Comunidade Autónoma ou reforcen a colaboración con territorios polos que discorren os itinerarios xacobeos.

5. Principios xerais da convocatoria

As propostas presentadas deberán responder aos principios establecidos no Plan Director de Patrocinios do Xacobeo 2027, entre eles:

- a) Reforzo da imaxe e notoriedade institucional da Comunidade Autónoma de Galicia a través das marcas da utilización da identidade institucional corporativa da Xunta de Galicia e das marcas Galicia Calidade e Xacobeo 2027, asegurando a súa presenza cualificada nos principais circuítos culturais, turísticos e mediáticos.
- b) Maximización do retorno económico, social, cultural e reputacional dos recursos públicos, garantindo un uso eficiente, transparente e sostible dos fondos destinados ao patrocinio.
- c) Coherencia estratéxica, mediante procedementos comúns, igualdade de oportunidades, concorrencia e trazabilidade das decisións adoptadas.
- d) Incorporación de criterios de calidade, innovación, accesibilidade, igualdade, sostibilidade ambiental e impacto territorial, en coherencia cos valores do Xacobeo 2027 e coas políticas públicas da Xunta de Galicia.
- e) Fomento da participación de operadores privados profesionais e mobilización de recursos privados, promovendo a complementariedade das achegas públicas a través de fórmulas de colaboración público-privada.



A presentación dunha proposta implicará a aceptación íntegra desta convocatoria e do Plan Director de Patrocinios.

A presentación da proposta ao abeiro desta convocatoria non outorga, en ningún caso, dereito ou preferencia na eventual contratación ulterior, reservándose a administración autonómica a facultade de iniciar ou non iniciar o correspondente procedemento de contratación, a través das consellerías ou entidades competentes, e o seu dereito a determinar o evento, actividade ou representación artística máis idónea e apta para as finalidades que pretende.

Deste modo, a presentación polos operadores económicos das súas propostas ao abeiro desta convocatoria se efectúa só a efectos de que a administración autonómica dispoña de información para formar a súa vontade contractual, polo que estes non quedan vinculados a formular a súa proposición no eventual procedemento de contratación posterior, nin a que esta teña un contido determinado, se non que deberán decidilo á vista das condicións que se recollan na invitación a presentar oferta e nos correspondentes pregos, de ser o caso.

Do mesmo xeito, a administración autonómica non se ve vinculada na definición das condicións do evento polo proxecto concreto presentado polos operadores económicos, se non que poderá determinar as que estime pertinentes, e negociar cos operadores de acordo co previsto na Lei de contratos do sector público, no seo do correspondente procedemento negociado posterior.

O mero feito da presentación das propostas implicará en todo caso a aceptación das bases desta convocatoria e de todas as súas condicións, sen excepción algunha.

6. Ámbitos de actuación

As propostas deberán encadrarse, de forma orientativa e non exhaustiva, nos ámbitos de actuación definidos no Plan Director de Patrocinios do Xacobeo 2027:



- Cultura, considerando en particular a celebración de actuacións musicais e artísticas.
- Divulgación, exposicións e edición.
- Patrimonio material e inmaterial.
- Turismo e eventos singulares de proxección internacional.
- Deporte e vida saudable.
- Iniciativas de innovación, ciencia, tecnoloxía e creatividade.

A entidade convocante poderá valorar tamén aquelas propostas singulares que, aínda non encaixando estritamente nas categorías anteriores, resulten coherentes cos obxectivos, prioridades e identidade do Xacobeo 2027.

7. Modalidades de patrocinio

O patrocinio da Comunidade Autónoma de Galicia consistirá na difusión da identidade institucional corporativa publicidade das marcas da Xunta de Galicia e das marcas Galicia Calidade e Xacobeo 2027 a través da organización de eventos, coa incorporación obrigatoria, nos eventos que se patrocinen, dos elementos de identidade corporativa facilitados pola Administración. A Xunta de Galicia adquirirá en todo caso a condición de patrocinador principal, sen prexuízo da posible existencia doutros patrocinadores ou colaboradores.

Os patrocinios poderán adoptar as seguintes modalidades:

- a) Patrocinio económico, mediante achega monetaria destinada a reforzar a viabilidade do evento.
- b) Patrocinio en especie, mediante a posta a disposición de espazos, bens, materiais ou servizos.
- c) Patrocinios mixtos, que combinen as modalidades anteriores.



8. Persoas ou entidades beneficiarias

A convocatoria ten carácter aberto, estando dirixida a operadores económicos con experiencia acreditada na organización e produción de eventos de impacto. Poderán concorrer individualmente ou de maneira conxunta, sempre que se garanta unha coordinación efectiva e unha repartición clara de responsabilidades.

Os operadores deberán cumprir, en todo caso:

- a) Acreditar experiencia na organización e produción de eventos de natureza similar á proposta.
- b) Asumir a responsabilidade plena da organización, produción e execución dos proxectos, incluíndo permisos, licenzas, seguros e dereitos de propiedade intelectual.
- c) Garantir o cumprimento dos principios de igualdade, accesibilidade, sostibilidade e non discriminación.
- d) Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

9. Liñas de programación

Co fin de orientar a presentación de propostas, establécese unha relación de liñas básicas que se consideran prioritarias para a programación de patrocinios do Xacobeo 2027. As ditas liñas teñen carácter orientativo e aberto, polo que a Xunta de Galicia poderá valorar tamén aquelas iniciativas singulares que, aínda non encadrándose estritamente nas categorías indicadas, resulten coherentes cos valores do Xacobeo 2027 e contribúan á proxección cultural, social e turística de Galicia.

As liñas básicas de programación son as seguintes:



- Eventos urbanos. Celebración de actuacións musicais e artísticas de primeiro nivel en cidades galegas, con capacidade para atraer públicos numerosos e xerar un forte impacto mediático e económico.
- Eventos culturais de referencia. Apoio a festivais profesionais de música, teatro, danza, cinema ou literatura que funcionen como escaparates do talento galego e plataformas de proxección internacional.
- Eventos singulares de proxección nacional e internacional. Actos culturais, deportivos ou institucionais de carácter único, capaces de atraer atención mediática global e reforzar o posicionamento de Galicia como destino estratéxico.
- Encontros, congresos e foros temáticos. Iniciativas de debate e intercambio de coñecemento arredor da cultura, o turismo, a innovación e o Camiño de Santiago, que contribúan a crear redes profesionais de alcance nacional e internacional.
- Actividades deportivas vinculadas ao Camiño de Santiago. Organización de probas deportivas (carreiras populares, marchas, actividades náuticas ou de natureza) que promovan hábitos de vida saudable, vertebración territorial e atracción turística.
- Iniciativas innovadoras e creativas. Proxectos que incorporen novas tecnoloxías, formatos inmersivos ou propostas experimentais, capaces de diferenciar a programación galega e proxectar unha imaxe innovadora do Xacobeo.

Todas as propostas deberán incorporar, de forma transversal, medidas de visibilidade institucional das marcas Xunta de Galicia, Galicia Calidade e Xacobeo 2027, así como compromisos en materia de sostibilidade, accesibilidade e igualdade, en coherencia cos valores e políticas públicas da Xunta de Galicia. Ademais, valorarase de forma positiva a achega de solucións creativas e innovadoras de visibilidade que complementen o uso tradicional de logotipos.



10. Ámbito temporal

Os eventos obxecto desta convocatoria poderán desenvolverse no período comprendido entre os anos 2026 e 2028, consonte ao previsto no Plan Director de Patrocinios. A programación terá carácter continuo, equilibrado e desestacionalizado, combinando actividades distribuídas ao longo de todo o ano con fitos de especial relevancia nos momentos de maior proxección nacional e internacional.

No marco anterior, poderanse admitir propostas con carácter plurianual, sempre que quede xustificada a súa coherencia coa programación oficial do Xacobeo 2027 e se garanta que os principais fitos ou actividades nucleares se desenvolven no Ano Santo.

Para efectos de planificación, primarase que os eventos se distribúan de maneira escalonada ao longo do período indicado, evitando concentracións excesivas nunha mesma data ou cidade e favorecendo a vertebración territorial. A Administración convocante poderá priorizar, dentro das propostas presentadas, aquelas que contribúan a desestacionalizar a oferta cultural e turística de Galicia, situando actividades fóra das datas de máxima afluencia ou en períodos tradicionalmente de menor demanda.

11. Prazos de presentación de propostas

De acordo coa distribución temporal prevista no punto anterior e para os efectos de planificación e coherencia coa programación do Xacobeo, establécense os seguintes prazos:

a) Eventos que se vaian desenvolver ao longo do ano 2026 e eventos previstos para os anos 2027 e 2028 e directamente vinculados ao Xacobeo 2027. O prazo de presentación será de tres (3) meses, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.



b) Propostas de especial interese estratéxico que contén con patrocinio privado.

Aquelas iniciativas que, pola súa natureza ou oportunidade, contén con patrocinios privados acreditados e sexan consideradas de especial interese estratéxico para Galicia, poderán ser presentadas en prazo aberto durante todo o período 2026–2028.

En función das iniciativas existentes e das necesidades de programación apreciadas pola administración, poderán realizarse novas convocatorias axustadas ao Plan Director.

12. Forma de presentación

1. As propostas deberán presentarse preferentemente por vía electrónica, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia. Para a presentación das propostas empregarse unha solicitude xenérica mediante o servizo PR004A - Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado.

Deberanse achegar todos os datos necesarios, previstos no formulario de inicio do servizo, para remitir de forma electrónica a proposta e deberase identificar a Axencia de Turismo de Galicia como órgano ao cal se dirixe a proposta.

Cada proposta deberá incluír, como mínimo:

a) Documentación identificativa:

- Copia do DNI no caso de persoas físicas.
- Escritura de constitución e inscrición no Rexistro Mercantil, ou acreditación no rexistro correspondente.



- Documentación equivalente para entidades non inscritas.

- b) Declaración responsable do cumprimento dos requisitos de participación, á que fai referencia a cláusula 13.

- c) Memoria inicial simplificada do proxecto.

- d) Orzamento básico e esquema de financiamento.

2. A entidade convocante poderá requirir unha ampliación da documentación presentada co obxecto de afondar ou coñecer mellor os elementos das propostas que considere máis idóneas, concedendo un prazo a tal efecto. Neste caso, a documentación que deberán presentar as entidades será a seguinte:

a) Memoria descriptiva ampliada

A dita memoria incluírá:

- Obxectivos e xustificación.
- descrición detallada da actividade.
- Contidos e programación.
- Plan de medios.
- Plan de publicidade exterior e visibilidade institucional.
- Accións transversais (igualdade, accesibilidade, sostibilidade).
- Estimación de impacto.

b) Plan de viabilidade económica

O dito plan incluírá:



- Orzamento detallado.
- Previsión de ingresos.
- Estrutura de financiamento global (público-privado).
- Plan de captación de patrocinio (alternativo aos acordos xa pechados).

c) Compromiso de visibilidade institucional

Documentos nos que se detallará a integración das marcas: da identidade institucional corporativa da Xunta de Galicia, e das marcas Galicia Calidade e Xacobeo 2027, nos diferentes soportes contemplados.

d) Autorizacións e dereitos

Compromiso de obter licenzas e permisos necesarios, e autorización para o uso institucional de imaxes e materiais gráficos non exclusivos.

13. Requisitos de participación dos operadores económicos

A comprobación da capacidade e solvencia económica e financeira e técnica dos operadores económicos comprobarase no eventual procedemento de contratación, de acordo coas regras da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público. Nesta convocatoria indícase, de forma orientativa, a solvencia que a administración ten previsto esixir nos pregos, para os efectos de que os operadores económicos presenten declaración responsable de que compren coas referidas condicións, que será requisito necesario para ser tidos en conta para a participación na convocatoria e avaliación das súas propostas, proxectos e iniciativas.

13.1. Requisitos xerais

As entidades participantes deberán:



- a) Asumir a obtención de permisos, licenzas e autorizacións necesarias.
- b) Garantir a xestión dos dereitos de propiedade intelectual ou industrial vinculados ao evento.
- c) Cumprir cos principios de igualdade, diversidade e non discriminación.
- d) Manter unha conduta compatible coa protección da imaxe institucional da Xunta de Galicia.

A Administración poderá rexeitar as propostas en caso de vulneración destes principios. Así mesmo, nos eventuais contratos de patrocinio introducíranse causas que permitan resolver os contratos por incumprimento destes principios.

13.2 Solvencia económica e financeira

O operador económico deberá acreditar unha solvencia económica axeitada ao volume e ás características do proxecto. Esta solvencia poderá demostrarse mediante algunha das seguintes modalidades:

- a) Volume anual de negocios.

Volume anual de negocios, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles, por importe igual ou superior a unha vez e media o valor estimado da proposta, entendendo por tal o custe total da realización do evento.

- b) Seguro de responsabilidade civil. O operador deberá dispoñer dun seguro de responsabilidade civil adecuado ao tipo de actividade, nas condicións que se determinen nos pregos, que garanta o mantemento da súa cobertura durante toda a execución do contrato.

13.3 Solvencia técnica

A solvencia técnica poderá acreditarse polos seguintes medios:



- A execución, nos últimos tres anos, de proxectos, de igual ou similar natureza, cuxo importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70 por cento do custe total da realización do evento.
- No caso de que o operador sexan empresas de nova creación, entendendo por tal aquela que teña unha antigüidade inferior a cinco anos, a súa solvencia técnica acreditarase polos medios que se recollan nos pregos de contratación.

13.4 Participación conxunta de entidades

Poderán concorrer á presente convocatoria varias entidades mediante propostas conxuntas, sen necesidade de constituír unha UTE formal, sempre que quede claramente identificada unha entidade responsable fronte á administración. Nestes casos a solvencia poderá acreditarse individualmente, ou de forma conxunta, sumando a experiencia e capacidade económica das entidades participantes.

14. Comisión Avaliadora

Unha vez finalizado o prazo de presentación, as propostas serán avaliadas por unha Comisión Avaliadora constituída especificamente para este proceso. A Comisión estará integrada por persoal especializado nas áreas de cultura, turismo, medios e xestión económico-financeira. Poderán incorporarse, con voz pero sen voto, persoas expertas externas á Administración autonómica con experiencia contrastada nos ámbitos cultural, turístico, comunicativo ou na xestión de patrocinios, co fin de reforzar a solvencia técnica do proceso de avaliación.

A Comisión actuará con base nos seguintes principios:

- Obxectividade, aplicando os criterios establecidos na convocatoria.
- Igualdade de trato, garantindo idénticas condicións para todos os operadores.



- Proporcionalidade e coherencia, asegurando que as propostas gardan relación directa cos obxectivos do Xacobeo 2027.
- Trazabilidade, mediante informes fundamentados que dean soporte ás decisións adoptadas.

Todas as persoas integrantes da Comisión de Avaliación terán dereito a voto. Os membros da Comisión poderá solicitar informes complementarios ou asesoramento técnico especializado cando a natureza ou complexidade das propostas así o requira.

15. Criterios e metodoloxía de avaliación

A Comisión Avaliadora emitirá para a administración un informe motivado sobre as diferentes propostas presentadas de acordo cos criterios expresados na convocatoria, sen prexuízo de que esta, para os efectos de formar a súa vontade e decidir se procede á contratación, poida pedir outros informes ou opinións.

Co obxecto de avaliar con rigor o retorno económico, social, cultural e reputacional dos patrocinios, os criterios empregados para a avaliación das diferentes propostas serán os seguintes:

1. Atendendo á finalidade para a administración de obter un retorno publicitario, en termos de proxección e promoción de Galicia como destino turístico e de promoción do ano santo Xacobeo, serán obxecto de valoración prioritaria os seguintes aspectos:

a) Impacto económico.

- Capacidade para atraer visitantes e incrementar o gasto turístico; creación de emprego directo e inducido derivado da atracción de visitantes.

- Dinamización do tecido empresarial e das cadeas de subministración derivada da atracción de visitantes.



- Proporcionalidade e eficiencia do financiamento público solicitado, para o que se valorarán os resultados da promoción derivada do patrocinio e a súa relación coa contraprestación económica solicitada da administración. En particular, valorarase positivamente que o importe solicitado represente unha porcentaxe reducida respecto do custo total do proxecto, en coherencia co carácter complementario do patrocinio público.

b) Impacto reputacional e mediático. Proxección das marcas Xunta de Galicia, Galicia Calidade e Xacobeo 2027; cobertura en medios e redes sociais; capacidade para posicionar Galicia como destino cultural e turístico de referencia.

2. Creación de valor público. Valorarase de forma complementaria a incorporación de criterios de innovación, sostibilidade, igualdade e impacto territorial, en coherencia cos valores do Xacobeo e coas políticas públicas da Xunta de Galicia, de maneira que os patrocinios contribúan ao desenvolvemento sostible e á cohesión territorial. Terase en conta a visibilización de boas prácticas de sostibilidade social e medioambiental, que sirvan de referencia para o sector cultural e turístico galego. Deste modo, valoraranse os compromisos adicionais nos seguintes aspectos:

a) Impacto social e cultural. Fortalecemento das industrias culturais e creativas no territorio de execución do contrato; promoción da participación cidadá; vertebración territorial; visibilización e prestixio do talento artístico galego.

b) Innovación e sostibilidade. Incorporación de formatos creativos e innovadores; boas prácticas ambientais e sociais; accesibilidade universal; inclusión e diversidade.

3. Outros aspectos que serán obxecto de valoración:

- Capacidade de execución, incluíndo licenzas, permisos e dereitos de propiedade intelectual.
- Capacidade para mobilizar financiamento complementario, incluíndo achegas doutros patrocinadores ou ingresos propios derivados da explotación do



evento, reforzando a viabilidade económica da proposta e o carácter complementario da achega pública.

- Valorarase positivamente a contratación dun seguro de responsabilidade civil con coberturas superiores ás mínimas legalmente exixidas cando a natureza, aforo ou características do evento así o recomenden. Así mesmo, poderá valorarse de forma positiva a contratación doutros seguros adicionais axeitados ao tipo de evento -como pólizas de "no-show", cancelación ou cobertura de riscos climatolóxicos-, especialmente relevantes.
- Nos eventos que incorporen servizos gastronómicos ou oferta de restauración, valorarase positivamente o uso de produtos de temporada e saudables de proximidade, favorecendo a redución da pegada de carbono e os principios de sostibilidade asociados ao Xacobeo 2027.

No informe da Comisión Avaliadora constará a relación de propostas avaliadas, as puntuacións obtidas e a orde de prelación resultante. O informe, en particular, será analizado polo Comité interdepartamental de coordinación previsto no Plan Director de Patrocinios, para os efectos de articular a acción da Axencia de Turismo de Galicia coa das consellerías ou entidades concernidas de acordo coa materia e natureza do evento e evitar duplicidades nas súas accións.

O informe realizado incluírase no expediente do procedemento de contratación ulterior, no caso de iniciarse este, para os efectos de xustificación da idoneidade do obxecto do contrato, da súa aptitude para satisfacer as necesidades da administración, e da utilización do procedemento negociado sen publicidade.

As persoas participantes no procedemento poderán solicitar copia do informe realizado sobre a súa proposta, sen prexuízo do necesario respecto á garantía da confidencialidade das propostas de acordo coa cláusula 20.



16. Réxime económico e contratación

A programación de patrocinios vinculada ao Xacobeo 2027 estrutúrase conforme ao previsto no Plan Director de Patrocinios, baseándose nun modelo de financiamento compartido que combine:

- a) A achega pública de patrocinio.
- b) Os ingresos xerados pola explotación propia do evento.
- c) As achegas doutros patrocinadores, que serán valoradas positivamente no proceso de selección e contribuirán a reforzar a viabilidade financeira dos proxectos.

A participación da Xunta de Galicia terá carácter complementario e equilibrado, destinándose exclusivamente a reforzar ou asegurar a viabilidade de proxectos cunha estrutura financeira solvente, co obxecto de garantir a corresponsabilidade financeira dos operadores e favorecer a mobilización de recursos privados.

Para os efectos de planificación territorial, a Administración poderá priorizar propostas que contribúan á vertebración do territorio e á proxección exterior de Galicia, incluíndo aquelas que se desenvolvan nas sete grandes cidades -A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Ferrol, Vigo e Santiago de Compostela- de acordo co foco territorial definido no Plan Director, sen prexuízo doutras localizacións coherentes cos valores do Xacobeo 2027.

O modelo priorizará a captación de patrocinio privado, de modo que se considerará especialmente que os promotores presenten acordos ou compromisos de colaboración con entidades patrocinadoras como parte da súa proposta.

En ningún caso a Xunta de Galicia terá a condición de organizadora ou coorganizadora dos eventos, limitándose ao patrocinio publicitario consonte ao previsto no Plan Director. A responsabilidade plena da produción, execución, contratación e obtención de permisos, licenzas e dereitos de propiedade intelectual corresponderá aos operadores seleccionados.



17. Propostas seleccionadas

Unha vez finalizado o proceso de estudo e análise contemplado na cláusula 15, a administración autonómica disporá da información necesaria para formarse un xuízo sobre os proxectos presentados e determinar os máis idóneos para a finalidade dos patrocinios que se pretenden, polo que poderá adoptar unha decisión sobre a celebración dos correspondentes procedementos contractuais para o patrocinio dos indicados eventos.

A decisión terá en conta a natureza e obxecto dos contratos, referidos a unha actuación ou representación cultural ou artística única, e os elementos valorativos que debe ter en conta a administración, relativos á atracción do turismo cultural e de ocio, impacto publicitario, e rendibilidade en termos sociais e económicos do investimento no espectáculo, ponderando a aptitude do evento para a difusión de imaxe de marca, así como a idoneidade do evento proposto para a utilización dos logos e imaxe corporativa do Xacobeo 2027.

Se se decide pola administración autonómica o inicio dos procedementos de contratación, a través da Axencia de Turismo de Galicia, consellería ou entidade competente en cada caso, estes terán a natureza de contratos privados de patrocinio publicitario adxudicados mediante o procedemento negociado sen publicidade, de acordo co previsto nos artigos 26 e 168.a).2º da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, tendo en conta que o seu obxecto será unha representación cultural ou artística única e, se procede, tendo en conta a protección de dereitos exclusivos, incluídos os dereitos de propiedade intelectual ou industrial.

De acordo co indicado, a administración poderá aprobar os correspondentes expedientes de contratación e iniciar os correspondentes procedementos



negociados sen publicidade para a formalización dos contratos privados de patrocinio, de conformidade co establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro.

Para estes efectos, a administración poderá dirixirse aos operadores económicos que presentaron as súas iniciativas, proxectos e ideas, para invitalles a presentar a súa proposición de acordo co establecido na indicada lexislación e nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que se aproben.

No seo do procedemento negociado, a administración, poderá negociar cos operadores para axustar os importes do patrocinio, as condicións de execución, os compromisos de visibilidade institucional e calquera outro aspecto necesario para asegurar a coherencia do proxecto coas prioridades estratéxicas do Xacobeo.

18. Formalización dos contratos

Os patrocinios seleccionados formalizaranse mediante contratos privados de patrocinio publicitario, consonte ao disposto na Lei 9/2017, de contratos do sector público. Estes contratos terán como obxecto a organización e produción dos eventos aprobados, incorporando obrigatoriamente os elementos de imaxe corporativa da Xunta de Galicia e do Xacobeo 2027 en todos os soportes de comunicación, publicidade e promoción.

A incorporación das marcas Xunta de Galicia, Galicia Calidade e Xacobeo 2027 deberá realizarse sempre de acordo cos manuais oficiais de identidade corporativa facilitados pola Administración. Os usos das marcas Xunta de Galicia, Galicia Calidade e Xacobeo 2027 en calquera soporte físico, dixital ou audiovisual deberán ser aprobados previamente pola Administración para garantir a adecuación aos manuais oficiais de identidade corporativa.

Calquera solución creativa ou innovadora de visibilidade -en soportes físicos, dixitais, audiovisuais, escénicos ou en redes sociais- deberá ser validada expresamente pola Administración autonómica con carácter previo á súa difusión ou execución.



O Plan de publicidade exterior e orgánica deberá garantir a integración correcta e visible da imaxe corporativa da Xunta de Galicia, Galicia Calidade e Xacobeo 2027, respectando en todo momento os manuais de identidade corporativa. Incluirá a planificación de soportes físicos, elementos de produción, accións nos contornos urbanos, estratexia en redes sociais (incluíndo hashtags oficiais) e planificación de publicidade en medios de comunicación audiovisual, impresos e dixitais.

As solucións creativas ou innovadoras de visibilidade institucional deberán ser aprobadas previamente pola Administración con carácter obrigatorio.

Toda a comunicación pública derivada do evento -incluíndo soportes impresos, publicidade exterior, programas, webs, redes sociais, materiais promocionais e comunicacións con medios- deberá producirse prioritariamente en galego, podendo engadirse versións en castelán e, cando proceda, noutros idiomas para accións de alcance internacional.

Non se admitirá a promoción de produtos ou actividades que poidan resultar prexudiciais para a saúde física ou mental, tales como casas de apostas, xogos de azar, bebidas alcohólicas de alta gradación ou publicidade contraria á normativa en materia de condutas aditivas.

As condicións contractuais recollerán:

- O importe do patrocinio concedido e o seu réxime de pagamento.
- Os prazos de execución e as obrigas asumidas polo operador.
- Os compromisos de visibilidade institucional e de promoción das marcas Galicia Calidade e Xacobeo 2027.
- A responsabilidade plena do operador na produción, execución e financiamento complementario do evento.

A Xunta de Galicia terá en todo caso a condición de patrocinador principal, sen prexuízo da posible existencia doutros patrocinadores ou colaboradores

[Estrada Santiago Noia, km 3 \(A Barcia\)](#)
[15897 Santiago de Compostela](#)
[turismo.gal](#)



complementarios. En ningún caso a Administración terá a consideración de organizadora ou coorganizadora dos eventos.

19. Execución, seguimento e avaliación

As entidades beneficiarias asumirán a responsabilidade plena da organización e produción dos eventos, garantindo en todo caso a calidade, a seguridade e a accesibilidade, a obtención das licenzas e permisos preceptivos, a contratación dos seguros obrigatorios e a adecuada xestión dos dereitos de propiedade intelectual e industrial, así como a integración de medidas en materia de igualdade, accesibilidade e sostibilidade.

A Administración poderá establecer mecanismos de control e seguimento que permitan avaliar o retorno económico, social, cultural, reputacional e ambiental do patrocinio. O incumprimento das obrigas asumidas poderá dar lugar á resolución anticipada do contrato, ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e, se procede, á imposición das sancións que resulten aplicables.

Todas as accións patrocinadas deberán cubrir a ficha estándar de avaliación na que constarán, como mínimo, indicadores relativos á cadea de valor, emprego, participación artística, públicos e mercado, impacto mediático, sostibilidade e legado das actuacións.

20. Confidencialidade

Sen prexuízo do disposto na lexislación vixente en materia de acceso á información pública, a entidade convocante comprométese a non divulgar a información facilitada polos operadores económicos que estes designen expresamente como confidencial no momento de presentar os seus proxectos.



O carácter confidencial poderá afectar, entre outros, a segredos técnicos ou comerciais, datos económicos sensibles, aspectos contractuais cos artistas ou calquera outra información cuxo uso indebido poida falsear a competencia ou prexudicar a posición competitiva do operador. Este deber de confidencialidade non se estenderá a documentos de carácter público nin aqueles que deban ser divulgados por imperativo legal.

21. Publicidade da convocatoria

A presente convocatoria publicarase na páxina web da Axencia de Turismo de Galicia.

Así mesmo, adicionalmente daráselle difusión á convocatoria no portal institucional da Xunta de Galicia e nos canais oficiais do Xacobeo 2027.

22. Recursos

A presente convocatoria esgota a vía administrativa e contra ela cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no el prazo de dous meses, ante o órgano competente da Xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2026

O director

José Manuel Merelles Remy